

INTERVENCI3N SOCIOEDUCATIVA E DINAMIZACI3N DO TERRITORIO EN TERRA DE TRIVES

Xo3n Carlos Dom3nguez Alberte

O proxecto do que imos falar parte da experiencia artellada ao longo dos 3ltimos anos arredor da figura do escritor Manuel Lu3s Acuña (1899-1975), orixinario da bisbarra de Terra de Trives, no nordeste ourens3n.

A xestaci3n, desenvolvemento e coordinaci3n do proxecto ten a súa orixe no Programa de Dinamizaci3n Sociolingüística das Comarcas de Galicia (**PDS**) —nun primeiro momento Servizo Lingüístico Comarcal—, unha unidade t3cnica de traballo froito da colaboraci3n entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (en diante Sociedade Comarcal) e a Direcci3n Xeral de Pol3tica Lingüística, organismos ambos pertencentes a senllas conseller3as da Xunta de Galicia —Pol3tica Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e mais Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria, respectivamente—.

O obxecto nuclear desta colaboraci3n, materializada nun convenio prorrogable anualmente, 3 promover o uso e a difusi3n do idioma galego dentro dun proxecto de dinamizaci3n cultural que ten como marco de referencia a comarca.

Os condicionantes de partida que se consideraron ao p3r en marcha o traballo foron o absoluto descoñecemento da figura e da obra intelectual do escritor en cuesti3n (mestre, membro do movemento de renovaci3n pedag3xica da Segunda Rep3blica, xornalista e destacado poeta de corte vangardista) na súa propia terra de orixe e a necesidade de a dar a coñecer entre esta poboaci3n, cunha atenci3n especial entre o 3mbito escolar.

Doutra banda, a medida que o proxecto se 3a desenvolvendo, este foise considerando como un 3ptimo recurso de promoci3n do territorio ao que nos estamos a referir, Terra de Trives. Unha bisbarra rural do interior de Galicia, con importante perda de poboaci3n —ao igual ca outras destas caracter3sticas— e estimable dotaci3n de recursos orientados cara ao turismo, que gravitan, nunha parte importante, arredor da súa espl3ndida montaa e da estaci3n invernal que esta alberga. Vela3 est3n, polo tanto, os primeiros vimbios con que empezamos a facer o cesto. O resto foi cuesti3n de vagar e de oficio.

Dende o noso xeito de operar, a lingua e os elementos socioculturais nos que esta se proxecta e fundamenta son recursos de traballo e promoci3n por si mesmos, dotados dunha potencialidade ilimitada. Ademais, o valor estrat3xico da cultura e da lingua propia, ao f3o do indicado, goza, como recurso de aproveitamento, de clima axeitado durante todo o ano.

A posta en pr3ctica desta experiencia 3 froito dun labor programado que foi de menos a m3is canto 3s actividades e obxectivos propostos, 3s3 como aos colectivos 3mbito de incidencia.

A respecto deste 3ltimo c3mpre falar, dunha banda, do destinatario —suxeito activo na nosa concepci3n— ao que se dirixen as intervenci3ns proxectadas e, doutra, dos

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicacións / Comunicacións

colectivos, empresas e institucións implicados en cada un dos estadios e realizacións do que imos denominar *proxecto Manuel Luís Acuña*.

Nas iniciativas levadas a termo apostouse, en todo momento, por concibir algo que fose ameno e atractivo para así conseguir implicar a poboación á que nos diriximos. A nosa aposta, cómpre subliñar esta característica, é, xa que logo, motivar e facer participar —sempre na medida en que isto sexa posible e dentro das limitacións nas que nos movemos— os suxeitos aos que nos diriximos, que se converten daquela en axentes activos e protagonistas da intervención programada.

O documento introdutorio das *Actas do I Congreso Manuel Luís Acuña* dá conta do proceso de xestación e desenvolvemento inicial deste proxecto de dinamización sociolingüística, a finais de 1999 e durante 2000. O resto de intervencións feitas ata a actualidade están detalladas nas respectivas memorias realizadas a xeito de balanço de cada ano, arquivadas polas dúas entidades que botaron a andar, xa en 1998, o PDS.

O punto de partida supuxo, entón, a divulgación da figura e da obra do amentado escritor entre a xente da súa bisbarra natal. Empezouse con senllas charlas presentadoras da vida e da obra do escritor (dirixidas ao público en xeral e aos escolares da comarca). A seguir, consonte o deveso de involucrar o mundo do ensino, desenvóléronse diferentes estratexias xa dende a primeira fase do proxecto (**táboa 1**).

Ao mesmo tempo, canda a confección de múltiples materiais promocionais —folletos, carteis— editáronse materiais específicos para a poboación escolar (**táboa 2**).

Diferentes estudos sociolingüísticos na actualidade indican a perda progresiva de galegofalantes entre as camadas da poboación máis nova. Esta é unha das razóns principais que orientan o noso traballo cara a este sector estratéxico da nosa sociedade, nunha clara aposta de futuro, co fin de concienciar e activar positivamente a mocidade cara á cultura e á lingua propia da nosa comunidade. Polo tanto, entre os obxectivos, de cara ao ámbito educativo, perseguidos con estas iniciativas están:

- Contribuír ao coñecemento da obra deste escritor entre a mocidade.
- Promover a creatividade literaria entre os estudantes.
- Espertar o interese polas diversas manifestacións culturais propias de cada bisbarra.
- Fomentar o uso social do idioma galego.

En paralelo organizáronse eventos que levan convocado un inxente e plural repertorio de actuacións, nunha aposta continuada pola novidade (**táboa 3**):

- pluralidade de colectivos implicados: centros educativos, institucións, empresas, asociacións
- moita poboación afectada, especialmente a escolar
- variado espectro da intelectualidade galega participante
- diversidade de espazos de intervención, dentro e fóra da comarca
- gran transcendencia mediática
- extraordinaria plataforma de proxección e dinamización da bisbarra

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

Cómpre referir asemade as publicacións que, de xeito progresivo, van xurdindo ao abeiro deste proxecto de intervención sobre a poboación (**táboa 4**).

Estes materiais elaborados en soporte libro, ao igual ca todos os outros confeccionados ao abeiro desta empresa, son mostra do traballo feito ao tempo que contribúen a proxectar este proxecto e a comarca na que se asenta con grande eficacia.

Gustaríanos deixar claro neste relatorio que o proxecto Manuel Luís Acuña foi abranguendo, co pasar do tempo e á vista das experiencias acumuladas nestes catro anos, unha dimensión que soborda amplamente o ámbito literario e cultural e que, con toda a modestia que cabe manifestar, se transforma nunha suxestiva plataforma de proxección e dinamización integral do territorio, a partir de considerar a cultura e a lingua como recurso e ferramenta participativa e dinamizadora.

O noso modo de traballar fundaméntase na participación e suma de vontades. En vertebrar un tecido de enerxías positivas que sexan capaz, máis aló da inmediateza dos resultados, de alumar unha dimensión necesaria para o presente da nosa identidade como pobo diferenciado.

Cómpre deixar claro que esta é unha intervención sociolingüística dende unha perspectiva non formal. Non hai unha programación pechada, senón que está aberta ás contribucións económicas e á participación, tanto de institucións e de colectivos sociais, así como das demandas da poboación. Ademais, en todo momento se fai unha retroalimentación constante do proxecto, corrixíndoo e axustándoo para a súa mellor e adecuada posta en práctica.

Indícanse, polo tanto, aquelas institucións, empresas e centros de ensino cos que, dun xeito máis directo, se leva traballado nesta estratexia participativa (**táboa 5**).

Os especialistas adoitan empregar unha efectiva metáfora para se referir ao proceso de atracción e concitación de interese crecente da obra —poética, fundamentalmente— de Manuel Luís Acuña dentro do sistema literario galego. Cremos que a aludida metáfora é óptima para debuxar o proceso do que estamos a falar. *O efecto bóla de neve* —que así se denomina— é unha experiencia de traballo que, a partir dun fío inicial como é a figura e a obra dun escritor, está a producir un desenvolvemento global —no eido socioeducativo, mais tamén na proxección das terras altas da montaña ourensá— e progresivo da bisbarra de Terra de Trives. Interacción no interior dela cos recursos propios cos seus habitantes e imaxe cara ao exterior dun territorio singular cheo de vida.

Como aval do indicado, ao xa feito, aínda se lle poden engadir máis argumentos. Enumeramos algunha nova mostra:

Os mundos de Carlos Casares: proxecto xa levado a termo, orixinado nesta comarca, que supuxo a implicación exitosa de colectivos, cunha importantísima participación do Instituto da Pobra de Trives.

O mundo do liño ao fío da lingua: proxecto en desenvolvemento de grande ambición, que, pola súa vez, supón o traballo conxunto con outras entidades

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicacións / Comunicaciones

locais, caso do Centro Cultural de San Miguel de Bidueira e do Centro de Iniciativas Tradicionais Dobadoira —un colectivo no que se integran as máis das asociacións de toda a comarca—.

Letras Galegas 2004 en Terra de Trives: cuxa programación supuxo a interacción e participación, entre outros, con todos os centros educativos da bisbarra (**táboa 6**).

Encontro artístico sobre a montaña: previsión na cal se contempla que colaboren diferentes entidades locais, a iniciativa do padroado de turismo da comarca, e para a cal foi demandada explicitamente a participación do PDS.

Non imos estender máis este relatorio. A súa intención foi tentar reflectir a intervención socioeducativa realizada en Terra de Trives a partir da proxección da figura dun escritor, en segunda instancia, a sinerxia participativa creada e, en derradeiro termo, o efecto de escaparate que todo isto supón do territorio de cara ao exterior e que comporta, en conxunto, a dinamización da bisbarra.

A respecto do indicado pódense apuntar algúns obxectivos acadados:

- implicar as xentes da comarca: asistencia e participación nos actos
- dotar dunha programación cultural continuada un territorio con escasas intervencións nesta liña
- crear a conciencia —sobre todo nos escolares— de que a cultura parte do contorno máis inmediato
- converter a poboación e investigadora e axente activo do patrimonio
- provocar que se asuma a figura dun escritor —ata entón descoñecido— como algo propio e como un vehículo de proxección
- identificar un sector importante da sociedade —políticos, institucións, asociacións, empresarios— cun proxecto que redunde en proveito da comarca —renome cultural, efecto mediático, ocupación hostaleira...— e capaz de xerar dinamismo

O segredo, que non hai outro, consiste, ao noso ver, na suma de vontades e no traballo constante. É este un xeito necesario de traballar en prol do desenvolvemento da cultura de Galicia e dos sinais de identidade máis característicos. En especial no que atinxe ao proceso de acadar que o idioma galego sexa vehículo normal de expresión en todos os ámbitos da vida social na nosa comunidade e, xa noutro plano, nunha unión europea con linguas oficiais, estados e comunidades diferenciadas —como o é a galega—.

No remate desta contribución subliñamos a importancia de descubrir e de potenciar os elementos inmateriais do noso patrimonio —coa lingua como elemento vertebrador imprescindible—, cun afán de perdurabilidade no tempo e de universalidade. Terra de Trives quere converter, entón, nun espazo singular destacado polo apego das súas xentes á súa terra e aos seus elementos característicos, o cal, sen dúbida, constitúe a mellor das formas de defender un universo plural e san, a partir de vivir e de cultivar os valores propios.